

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Anuncio do 11 de agosto de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, polo que se procede a dar publicidade ás listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso de incorporación de novos méritos e de selección de novas persoas aspirantes para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde en diversas categorías sanitarias e de xestión e servizos, formalizado pola Resolución do 28 de xuño de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 140, do 19 de xullo).*

De acordo co disposto na norma xeral 6 do pacto sobre selección temporal (DOG número 104, do 1 de xuño de 2004), unha vez rematado o proceso de valoración de méritos das persoas inscritas nas categorías de albanel, calefactor/a, carpinteiro/a, celador/a, condutor/a, costureiro/a, electricista, enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo, enxeñeiro/a técnico/a, enxeñeiro/a superior, fisioterapeuta, fontaneiro/a, grupo auxiliar da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, grupo técnico da función administrativa, lavandeiro/a, limpador/a, logopeda, mecánico/a, pasador/a de ferro, peitador/a, persoal de servizos xerais, pinche, pintor/a, psicólogo/a clínico/a, telefonista, terapeuta ocupacional, traballador/a social, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a especialista en hixiene bucodental, técnico/a especialista en radioterapia, técnico/a especialista en dietética e nutrición, técnico/a especialista en documentación sanitaria, técnico/a especialista en imaxe para o diagnóstico clínico, técnico/a especialista en sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a superior, técnico/a superior en ergonomía e psicocioloxía aplicada, técnico/a superior en sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a superior en hixiene industrial, técnico/a superior en seguridade no traballo, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnico/a en farmacia; categorías todas elas correspondentes á convocatoria de selección temporal formalizada pola Resolución do 28 de xuño de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde (DOG número 140, do 19 de xullo), por resolución da correspondente dirección provincial procederase á publicación das listaxes provisionais derivadas da dita convocatoria, nas cales se incluírá a relación das persoas aspirantes admitidas coa súa puntuación e a orde de prelación resultante dela, así como a relación das persoas excluídas, con indicación da causa da súa exclusión.

As listaxes provisionais estarán expostas nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais e das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde,

así como na páxina web da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a resolución de publicación das listaxes ante a dirección provincial correspondente no prazo de dez días hábiles, contados desde o 1 de setembro de 2008 ao 11 de setembro de 2008 (os dous incluídos).

Así mesmo, de conformidade co establecido no penúltimo parágrafo da disposición segunda da Resolución do 28 de xuño de 2007, aquelas persoas aspirantes que consonte a dita disposición puideron, con carácter excepcional e transitorio, inscribirse para vinculacións temporais en varias das categorías incompatibles desta convocatoria deberán, dentro do dito prazo de presentación de reclamacións do 1 ao 11 de setembro de 2008, formalizar expresamente a súa opción por unha única categoría de entre as incompatibles, a través de escrito dirixido á dirección provincial do Servizo Galego de Saúde que corresponda coa provincia da área de xestión solicitada (ou escrito dirixido á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, nas categorías de ámbito autonómico). Ante a ausencia de elección expresa formalizada no devandito prazo, a persoa aspirante será adscrita de oficio a unha única categoría, que será a que resulte da aplicación dos criterios establecidos na norma xeral 5.5.1 do pacto de selección temporal.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2008.

P.S. (Acordo 16 de xullo de 2008)  
M<sup>a</sup> del Rosario García Villadangos  
Subdirectora xeral de Persoal

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Edicto do 14 de xullo de 2008, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se notifican as resolucións ditadas sobre as prestacións económicas de carácter periódico e non periódico, competencia da Vicepresidencia.*

No uso da competencia que atribúe a esta Delegación Provincial de Ourense, da Igualdade e do Benestar, a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (DOG nº 191, do 3 de outubro), modificada parcialmente pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro, (DOG nº 36, do 22 de febreiro) e pola